

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDADE DIÑEIRO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS LECER E CULTURA SERVIZO A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago

DEPORTE FERROLÁN

Catrocentas persoas acoden á Gala do Deporte de Ferrol

Javier Gómez Noya recibirá o galardón principal no restaurante Illas Gabeiras, onde se recoñece o papel dos mellores representantes en cada disciplina

La Voz 19/2/2010

Valoración (1 votos)

Máis de 400 persoas acoden esta noite á décimo oitava edición da Gala do Deporte de Ferrol, que reunirá no Restaurante Illas Gabeiras a directivos, técnicos, deportistas, políticos e xornalistas. O formato cambia este ano, coa entrega de premios prevista ao comezo do acto, sobre as nove da noite. A continuación desenvolverase a cea, ao prezo de 30 euros para aquelas persoas que non tiñan invitación.

Javier Gómez Noya será recoñecido, unha vez máis, como o mellor do ano. O nadador Marcos García Soto, medallista no Campionato de España, será galardoado co premio Padroado Municipal de Deportes, aínda que os seus compromisos impediránlle acudir. Como mellores promesas do 2009 foron distinguidos o levantador Alberto Díaz e a triatleta Camila Alonso. O xurado destacou o labor do Ferrol CB como mellor club de promoción de base. Tamén se recoñeceu a traxectoria do ex xogador, adestrador e directivo de fútbol sala Roberto Amado.

Ademais, recibirán mencións especiais nos premios que entrega cada ano o Padroado Municipal de Deportes de Ferrol o ex xogador de fútbol sala Manolo Pardo -ausente, recibirá o premio o seu irmán José-, o presidente do Bertón, José Luis Casteleiro, a atleta Begoña Garrido, o veterano fondista Julián Bernal, o equipo benjamín do Parrulo, subcampión de España, e a levantadora Luz de



Gómez premia

Re